



Xeración de Crédito 003-X/21 (06/21)
Expte. CIVIDAS nº 2021003999
Exptes relacionados: 2019008213, 2020001679 e 2019037832

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 27/01/2021 (Ref: JFC/016/2021), en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería delegada de Promoción Económica, Emprego, Recursos Europeos e Formación Ocupacional, mediante Providencia de data 28/01/2020, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Municipal (Ref.: 03-X/21) de 02/02/2021, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co número 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente,

ACORDO:

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 003-X/2021, utilizando a figura das xeracións de crédito, contabilizando esta dentro do proxecto específico de gasto con código 19-2-11-01 "Proxecto europeo NOVA_TFE", de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N200.2410.22642	Proxecto europeo NOVA_TFE. Gastos xerais	9.869,79 €
TOTAL.....		9.869,79 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
49012	Aportación Fondos Europeos Prox. NOVA_TFE (Agência para o Desenvolvemento e Coesao I.P. (510928374))	9.869,79 €
TOTAL.....		9.869,79 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á Promoción Económica, Emprego, Recursos Europeos e Formación Ocupacional aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

